

PERFÍS DOS GRUPOS I Certame MÚSICAXOVE '08

☞ Metal

1.- Deserve: o grupo formouse de xeito casual, cando un día calquera coincidiron dous compañeiros do instituto: Michel e Santi. Os dous amigos compartían afección por tocar a guitarra e a química entre ambos non tardou en aparecer. Así xurdiu a idea de formar un grupo, coa axuda dun terceiro, Jose, e o resto de integrantes da banda. Tras un tempo de busca intensa a formación pechouse con Michel á guitarra, Jose como guitarrista, Santi á batería, Pat como baixista e o último en chegar, Miki como vocalista.

2.- The Weak Force: grupo de catro amigos que se xuntaron para ensaiar no local do Concello: José M^a Sierra (guitarra), Pablo Antorrena (batería), Miguel (baixo) e Xan Santos (voz e guitarra). Tocan temas dos seus grupos preferidos e improvisan e compoñen os seus propios. Xiran ao redor do heavy, rock e punk metal.

3.- Codename: nace en 1998 cuns primeiros anos tanteando diferentes estilos dentro do rock e do metal. O estilo de corte máis clásico nos seus principios comeza a adquirir unha maior personalidade cando se incorporan novas tendencias e outros estilos como o funk ou o jazz. Con influencias tan dispares como Pantera, Faith no more, Testamento ou os Red Hot a base rítmica composta por Pablo Veiga (batería) e Jano (baixista), viaxa a medio camiño do funk e do rock, e serve de base a unha guitarra rítmica, Sergio, que achega unha novidosa visión Thrash, mentres a guitarra solista, Alberto Veiga, toca paos tan diferentes como o metal clásico, o jazz ou o funk nunha fusión de excelente factura. O resultado final conclúe coas voces de Ferny, que trata de dar unha visión máis actual e directa dentro do grupo. A banda tocou con grupos como Barón Rojo, Trilogy, Embrace Me ocean o Icewind... Codename grava no ano 2005 un demo en inglés con catro dos seus temas máis representativos e actualmente dispónse a realizar unha nova gravación que terá como cambio significativo o idioma, con letras en castelán. Trátase dunha autoprodución que recollerá unha década de traballo musical.

4.- Thinking Twice: hai dous anos comezou un proxecto composto por cinco rapaces cun obxectivo común: consolidar unha banda o máis profesional posible e con estilo propio. Algúns deles tiveron que mercar o seu equipo de música, sacrificar moito tempo, investigar e discutir sobre música. Os compoñentes do grupo son: Guillermo á batería, que actualmente estuda música e traballa nunha orquestra; Fran, o guitarrista, con experiencia en orquestras, grupos de rock e conservatorio; Jesús "Susó", como baixo; Dani, o DJ e encargado dos teclados; e finalmente Thais, a cantante, peza clave do grupo que posúe unha voz maxestuosa, ademais de estudante de maxisterio musical, aleccionada á ilustración, fotografía e artes plásticas en xeral. O grupo ten unha traxectoria relativamente curta que comezou en 2005.

☞ Hip hop

Bronquitis Crónica:

<http://www.myspace.com/bronquitiscronica/> www.bronquitiscronica.es. Nace no ano 2003 en Cambados (Pontevedra). Esta banda foi formada por Bad que xa contaba con dúas maquetas co seu grupo Cuarta Dimensión. Aos pratos dende o principio acompañano Dj Pela (Pk2CreW) e polo Mic2. Aos coros pasaron distintos Mc's. Tras varios concertos en 2004 e 2005 ao longo da xeografía galega presentando a súa maqueta Puzzle!, da que se distribuíron preto de 500 copias, entran a formar parte do

colectivo de Rap Nova Radio FM, xunto aos grupos de Santiago Pa la Peña e Mito Escrito. Inmediatamente saíu á luz a súa nova maqueta Insomnio. Posteriormente súmase á formación DJ Webo (en substitución do retirado DJ Pela) e Peich (Pk2 Capitales) en principio como corista pero rapidamente, e a base de esforzo e perseverancia, fíxose cun oco tamén como Mc.

Insomnio ve a luz en 2007 tras dous anos de continuas remodelacións (novos temas, outros que se fan vellos, mesturas, masterizacións, pasteurizacións, organizar as colaboracións...). No cd colabora o mellor do rap galego: Delahoja, KRNS, Mito Escrito, Pa la Peña...). Aos seis meses da saída de Insomnio ao mercado vendéronse 500 copias e conseguiu 6.500 descargas en Internet. Con 60 concertos ás costas, Bronquitis Crónica vólvese meter no estudo para preparar o su novo traballo, en conxunto con Mito Escrito, con máis de 14 tracks de rap hardcore inédito.

Mito Escrito:

<http://www.myspace.com/mitoescrito>. É unha formación de hip hop de Compostela que naceu en 2002 e está formada por Diego Calatayud (Didacum) e Jose Mera (Kotto) nas voces, Rodrigo Moure (DJ Webo) nos pratos e Pablo Vázquez (Pablo V) como produtor instrumental.

Os seus traballos ata a data son todos independentes e non profesionais: Brocas y tojinos (2003), Grandes cundidas (2004), Chapando garitos (2005), La cara B de la ciudad (2006/07), Torre de marfil (2008).

Tras 5 maquetas e 70 concertos xa percorreron toda Galicia participando en varios festivais de gran importancia e as mellores salas, compartindo carteis con xente de repercusión no rap español. Ademais, colaboraron con asociacións sen ánimo de lucro con varios artistas galegos para a difusión do rap e varios obradoiros feitos para transmitir aos máis novos a cultura hip hop.

Pa la Peña:

<http://www.myspace.com/pelpe>. O grupo está formado por Adrián Díaz aka (tamén coñecido como Mich), Alex Díaz aka Dj Cytral e Daniel López aka D3. En 2002 forman Pa la Peña e comezan a escribir temas. A finais de 2004 conseguen facer 250 copias do seu primeiro traballo titulado Entre comillas, unha maqueta fresca e musical cuns raps sarcásticos e elásticos que se estenden ao longo dos seus 15 temas. Despois de dous anos de promoción e concertos deste traballo, sacan o seu segundo traballo Todo va bien (2007).

O grupo parouse a reflexionar e traballar duro para ofrecer unha imaxe pro cunhas líricas cuidadas, uns scratches vertixinosos e unhas producións ao máis puro estilo "surtido variado D3". Deste último traballo distribuíronse máis de 300 copias en cd e realizaron diversos concertos. Dende 2007 Pa la Peña únese aos grupos Mito Escrito (Santiago) e Bronquitis Crónica (Cambados) para formar o colectivo FM co que se efectuaron multitude de actuacións cunha boa posta en escena.

Jotace:

<http://www.myspace.com/jotacemg>. Jorge Álvarez Conde (Jotace) nace en Ribadeo (Lugo) en 1989. Dende os seis anos iníciase na música cursando solfexo e trombón na Escola de Música do municipio. Grazas a esta formación tocará na Banda Sinfónica e en varias agrupacións de jazz. Comeza no mundo do hip hop sobre o 99 e traballa en solitario rimando e máis tarde facendo producións musicais de rap con ordenador e instrumentos reais. En 2004 funda o grupo de rap Mediograma, como unha forma de expresión crítica coa sociedade do momento.

Dende 2004 a 2007, traballa xunto a Mediogramo como produtor e MC do grupo, actuando en festivais como o Musikeo 2005-2006-2007, Implícate na Mariña, Butrón, Muralla 2006, Festival Ourense Records, e en diversas salas e auditorios comarcais. No 2008, Jotace decide iniciar un traballo en solitario, totalmente producido, rapeado e deseñado por el, xa que sae de Ribadeo para seguir cos seus estudos.

✍ Pop-Rock

Sinestesia

Xorde como tal en setembro de 2007, pero xa a comezos de ano o grupo reuníase para facer un pouco de ruído con versións de grupos que oscilan entre os anos 60, como Hendrix ata bandas actuais como Fito y Fitipaldis e Manu Chao.

Pero a mentalidade do grupo comezou a cambiar a partir de preparar os primeiros temas propios e ter a oportunidade de ensaiar regularmente nos locais municipais de San Lázaro. As composicións comezaron a ter forma e o grupo comezaba a delimitar o seu estilo de música que cabalga entre o rockabilly-swing (como Mal ejemplo) ata rock máis convencional, pasando por ritmos funkys.

Snatch

Nace en 2006 baixo a formación dun cuarteto cun repertorio de versións de grupos e solistas anglosaxóns dentro do ámbito da música popular norteamericana: Alanis Morissette, Aretha Franklin, The Doors, Janis Joplin, Credence, B.B., King, Police ata Standards de Jazz. Incluíron temas de composición propia tomando como referencia diversos estilos: soul, reggae, rock, punk, blues, fusión, dende o prisma do pop-rock contemporáneo. Integrantes:

Jacobo Gallego (batería): folk, jazz, bossa nova; German Prieto (guitarra eléctrica): rock, blues clásico, hard rock, jazz; Paola Piñeiro (vocalista): pop-rock, soul, funk; Pablo Laranjo (baixo eléctrico e coros): latin, fusión rock, funk.

Dirty Socks

Este grupo, formado por Sara Novo (baixo), Anxo Rodríguez (guitarra e voz), Denis Suárez (batería) e Andrés Gil (guitarra), naceu fai un ano escaso froito do amor pola música e como un xeito máis de diversión, pois os seus componentes teñen entre 17 e 18 anos. Aínda que levan moi pouco tempo na música gravaron unha maqueta na Radio Galega e unha serie de concertos programados para este verán. Tocarán dous temas da súa maqueta.

Agoraphobia (<http://www.myspace.cn/agoraphobiaboiro>)

Banda formada por catro rapazas de Boiro dende decembro de 2006. A pesar da súa curta vida, o grupo xa sufriu un cambio de batería e, actualmente, está composto por Susana (voz e guitarra), Aislyn (guitarra e coros), Sara (baixo) e Carla (batería). Levan un bo número de concertos ás súas costas, aproximadamente 25 actuacións. Ata o momento só dispoñen dunha maqueta, pero desecan cegar a gravar un disco máis adiante.

✍ Autor-Folk

Loba Loo

A formación, composta por Najla Farid e Héctor Manuel Lorenzo, nace en 2004, despois do festival de verán Feito a Man en Santiago, no que comparten cartel coa bailarina e profesora Branca Novoneyra nun espectáculo audiovisual de danza e música. Así, o grupo toma un carácter aberto traballando con outros colaboradores, como o violinista Quim Farinha (Berrogüetto). É un espectáculo íntimo e sinxelo onde a sensibilidade dos componentes e do público é un ingrediente esencial co que se pretende crear unha ponte que facilite a comunicación e goce.

GS21

GS21 (Galicia Século XXI) é unha compañía galega de baile e música que nace en abril de 2005 por iniciativa dun grupo de bailadores/as e músicos pertencentes na súa maioría ao mundo dos grupos de baile tradicional. Emprega moitos recursos, tanto musicais como danzados, propios da tradición galega, pero dándolles unha nova lectura e un novo punto de vista ao espectador. GS21 é a innovación dende a tradición, é a música e o baile galego coma arte, como creación en si mesmo.